

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
29/06/2023	07/07/2023	2023/2004859
	28/02/2025	2025/573304

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos





proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



23+27 Leader Costa da Morte

NORMAS DE XESTIÓN E BAREMO DEFINITIVO





Índice

1. Disposicións xerais.....	5
1.1. Tipoloxía de operacións financiáveis.....	6
2. Límites de axuda aplicables	8
2.1. Límites de axuda	9
3. Criterios de selección e priorización de operacións	11
3.1. Criterios de selección e priorización.....	12
3.1.1 Gastos subvencionables e non subvencionables.....	12
3.1.2 Limitacións e exclusións ao financiamento.	13
3.1.3 Condicións xerais sobre a valoración de proxectos	21
3.1.4 Requisitos para a subvencionabilidade dos proxectos	23
3.1.5 Criterios de baremación de proxectos produtivos	24
1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.	24
2. Características da persoa ou entidade promotora do proxecto.	26
3. Incidencia sobre a creación e/ou mantemento de emprego no territorio.	28
4. Impacto sobre o territorio.	28
3.1.6 Criterios de baremación de proxectos non produtivos.	34
1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.	35
2. Características da persoa ou entidade promotora do proxecto.	37
3. Impacto sobre o territorio.	38
3.1.7 Regras básicas: determinación de puntuación e porcentaxe de financiamento de proxectos	42
Matrices de valoración	43
3.1.8 Cadro resumo de proxectos produtivos	47
3.1.9 Cadro resumo de proxectos non produtivos	48





1. Disposicións xerais

1.1. Tipoloxía de operacións financiáveis

O artigo 33 do Regulamento (UE) 2021/1060, establece como tarefas exclusivas dos grupos de desenvolvemento rural, entre outras, a elaboración dun procedemento e dos criterios de selección, así como a selección das operacións e a determinación do importe da axuda que se concederán ao abeiro do programa. Os grupos seleccionarán as operacións desenvolvidas por axentes públicos ou privados no ámbito de aplicación da estratexia, que contribúan a satisfacer as necesidades priorizadas e a alcanzar os obxectivos establecidos nelas, segundo os criterios de elixibilidade e selección establecidos nesta estratexia.

Os proxectos que os GDR poderán seleccionar clasificaranse como:

- Proxectos produtivos: proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego. Os proxectos de natureza produtiva deberán acadar, cando menos, un 65 % dos fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito das axudas a operacións de terceiros.
- Proxectos non produtivos: proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. Tamén terán a clasificación de non produtivos, aínda que haxa unha actividade económica, os proxectos promovidos por entidades públicas locais onde os ingresos que se xeren procedan de taxas. No resto dos casos, tanto os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos procedan de prezos públicos, así como no caso de proxectos promovidos por outras entidades, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio bruto operativo non chegue a superar o resultado ou valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

En función das persoas beneficiarias dos proxectos estes poderán clasificarse como:

- Proxectos promovidos por entidades públicas de carácter local ou comarcal, en concreto: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- Proxectos promovidos por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, incluíndo nesta categoría ás comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Con carácter xeral, a expensas do que poida determinar calquera norma reguladora das axudas, establécense unha serie de requisitos das operacións subvencionables:

1. Os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas¹, segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
2. Serán subvencionables os proxectos que sexan seleccionados polo GDR, de acordo cos obxectivos fixados nesta estratexia, os cales deben contribuír ao desenvolvemento rural do territorio desde unha perspectiva innovadora e un enfoque multisectorial.
3. Con carácter xeral, as operacións subvencionables deberán cumprir os seguintes requisitos:

¹ Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias dun proxecto de natureza produtiva.



- a. Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- b. Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- c. Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e ás bases reguladoras das subvencións que se diten para o efecto
- d. Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda.
- e. Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.



2. Límites de axuda aplicables

2.1. Límites de axuda

Para a adecuada selección de operacións financiáveis, no marco do Programa Leader, é necesario que se cumpran unha serie de requisitos, que reforzan o papel que desempeña a estratexia local na priorización duns proxectos ou outros. Este proceso pretende garantir a correspondencia entre os retos e obxectivos que formula o territorio, en relación ás súas necesidades e querencias, e tamén a concorrencia competitiva á hora da presentación dos proxectos.

O proceso para a selección de proxectos que optarán ao financiamento do citado programa, respectará e terá como referencia os principios básicos da “gobernanza” das entidades públicas, o marco institucional e xurídico do dereito aplicable (tanto comunitario coma nacional) e outra normativa vixente en materia de axudas e fondos públicos, ou ben a normativa sectorial que lle afecte.

A aplicación do enfoque de DLP (Desenvolvemento local participativo) leva implícito un marco orzamentario, do cal vai a dispoñer directamente o GDR neste período de programación (2023-2027) do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. Este orzamento estrutúrase en dous apartados:

- Aplicación da EDLP. Comprende a execución das operacións, incluídas as actividades de cooperación e formación e a súa preparación, seleccionadas conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo.
- A xestión da estratexia. Comprende a xestión, seguimento e avaliación da estratexia, así como a súa animación. Esta axuda nunca superará o 25% da contribución pública total da estratexia

A aplicación da EDLP é o que coñecemos como o programa de axudas, o cal vai a poñer en disposición dos axentes do territorio unha dotación orzamentaria para financiar os proxectos que promovan, co obxectivo de implementar a estratexia local de desenvolvemento local. O programa de axudas poderá contemplar financiamento para proxectos ou investimentos de carácter produtivo ou non produtivo.

A xestión da estratexia comprende diferentes tipos de actividades, asociados á estrutura de custos do plan financeiro. Por unha banda están os custos correntes, vinculados á xestión e ao funcionamento ordinario do GDR. Dentro dos mesmos falamos de custos de persoal e equipo técnico do GDR, compra ou aluguer de equipamentos, custos asociados ao funcionamento da sede do GDR (alugueres, equipamentos, gastos correntes, etc.), custos de formación do equipo técnico do GDR, custos do traballo en rede, custos de contratación de asistencia técnica para apoiar á xestión, custos bancarios (avais e garantías bancarias e gastos de constitución de pólizas de crédito) ou outros custos (representación institucional, axudas de custo, gastos de desprazamentos, etc.). Por outra banda, están os custos de animación e promoción territorial, que son aqueles que pretenden poñer en valor o territorio, ao propio GDR e a súa estratexia. Contéplanse entre estes custos actuacións de información, sensibilización, difusión e promoción, asistencia a eventos, estudos, informes, materiais promocionais, asistencia técnica,... entre outros.



Táboa 1. Distribución do orzamento do GDR e límites

Aplicación da EDLP				Xestión da EDLP	
	Proxectos produtivos	Proxectos non produtivos	Cooperación e Formación	Custos correntes	Animación
Distribución do orzamento	Mínimo do 75%			Máximo do 25%	
Grao de financiamento mínimo	20%	30%	N.P.	N.P.	
Grao de financiamento máximo	40%	90%	100%	100%	

Aplicación da EDLP. Bono Activa Rural		
	Mínimo	Máximo
Importe de financiamento	2.500€	12.500€

Para rematar, indicar que o procedemento para o desenvolvemento e selección de proxectos que imos a abordar, fará referencia ás axudas para a execución de operacións con cargo á estratexia de desenvolvemento local en apoio a terceiras persoas.

As axudas concederanse en forma de subvención de capital non reembolsable e calcularanse sobre os custos subvencionables, tendo en conta a porcentaxe de axuda que resulte da aplicación ao proxecto en función dos criterios de selección establecidos nesta estratexia, sempre e cando se cumpran as condicións e requisitos de elixibilidade que sexan aplicables a cada proxecto e que este supere a puntuación mínima ou «de corte» establecida nesta estratexia.

A contía máxima de axuda situarase en 125.000 euros por proxecto produtivo. En proxectos Non produtivos situarase en 38.000,00€ por promotor individual (tanto entidades públicas locais como entidades privadas) en todo o período Leader, pero poderase chegar ao máximo de 200.000 euros se é un proxecto realizado conxuntamente entre varias entidades.

3. Criterios de selección e priorización de operaciones



3.1. Criterios de selección e priorización

3.1.1 Gastos subvencionables e non subvencionables

Poderán subvencionarse os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto, sempre que o seu valor non exceda o valor normal de mercado. Acreditarase tal situación entre os conceptos de investimentos e gastos para os que se solicite axuda.

Serán **gastos subvencionables** os seguintes, regulándose a súas condicións a través da normativa xeral ou reguladora das axudas:

- a) A construción, adquisición e mellora de inmobles que vaian ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto. No caso de adquisición de inmobles, a porcentaxe subvencionable non poderá superar o 50 % do total dos gastos subvencionables. No caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais ou comarcais ou polas súas entidades dependentes, os inmobles non poderán usarse para albergar servizos de carácter meramente administrativo.
- b) A adquisición de terreos ata o límite do 10 % do total dos gastos subvencionables, relacionados coa operación que se pretende poñer en marcha.
- c) A adquisición de maquinaria e equipamento novos. Tamén poderán ser subvencionables os gastos en arrendamentos financeiros con opción de compra de activos subvencionables
- d) Investimentos intanxibles como a adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos, así como a creación de páxinas web, estudos, publicacións e investimentos necesarios para a dixitalización do proceso produtivo ou a xestión da actividade económica.
- e) Custos xerais vinculados aos gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade. Os custos xerais neste caso non poderán superar o 12 % do custo total subvencionable das operacións de investimento a que estean vinculados.
- f) Gastos notariais e rexistrais derivados do inicio da actividade prevista no proxecto, así como a adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas. Entre os conceptos do apartado e) e f) non poderán superar o 20 % do conxunto dos gastos subvencionables do proxecto.
- g) A adquisición ou adecuación de medios e equipamentos de transporte afectos en exclusiva ás actividades económicas ou profesionais que se pretendan impulsar. No caso de investimentos non produtivos poderán financiarse gastos de adquisición ou adecuación de vehículos para a prestación de servizos básicos. Non se financiarán estes elementos no sector do transporte.

Pola contra, **non serán subvencionables** os seguintes gastos, regulándose tamén as súas condicións específicas:

- a) Os investimentos de reparación e mantemento das instalacións, así como a reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria, salvo que a nova adquisición corresponda a equipamentos ou maquinaria diferenciada dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25 %, que deberá xustificarse achegando un informe dun técnico competente ou dun organismo debidamente autorizado.
- b) O IVE recuperable polo promotor do proxecto, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.



- c) Os gastos de funcionamento da operación subvencionada e material funxible en xeral.
- d) Maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.
- e) A execución por medios propios, o traballo voluntario non remunerado ou man de obra propia, así como os materiais de igual procedencia.
- f) Os xuros debedores das contas bancarias.
- g) Os investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude de axuda, coa excepción dos custos xerais vinculados a gastos de investimento, da adquisición de terreos e das licenzas de obra.
- h) Os investimentos que substitúan outros que fosen financiados polo fondo Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen, polo menos, 5 anos, contados desde a data da realización do investimento.
- i) Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición fose financiada polo fondo Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos contados desde a data da realización do investimento.
- j) Os xuros, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas.
- k) Os gastos de procedementos xudiciais.
- l) A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación en investimentos no sector agrario.
- m) Os conceptos de «gastos xerais» e «beneficio industrial», agás nos proxectos de promoción pública cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.
- n) Investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas polo solicitante, así como as obras de simple ornamentación.
- o) Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.

3.1.2 Limitacións e exclusións ao financiamento.

O GDR debe respectar as limitacións establecidas no réxime de axudas, co obxectivo de garantir a complementariedade e a coherencia con outros programas de financiamento ou liñas de axuda, que poden existir no territorio. Para isto respectará os correspondentes convenios que se establezan con outras entidades, ao tempo que terá en consideración as precisións establecidas en relación aos investimentos produtivos e non produtivos, das cales facemos un pequeno extracto a continuación.

As limitacións de carácter sectorial que se establecen son as seguintes:

- a) Quedan excluídos aqueles **investimentos promovidos polas entidades públicas locais** relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- b) Os **proxectos de sinalización territorial** quedan excluídos, agás os promovidos dende o GDR que se axustarán ás condicións e requisitos establecidos nas normas de axuda.
- c) Para os **investimentos en establecementos turísticos** e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da **hostalaría** rexerá o convenio de colaboración que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia. Poderanse financiar as actividades que se recollan en dito convenio. Na táboa seguinte establecemos a relación de actividades establecendo posteriormente unha serie de requisitos. Estas actividades e requisitos actualizaranse en función do Convenio que asine a Agader coa Axencia de Turismo de Galicia.



ACTIVIDADES DE SERVIZOS AMPARADAS NO CONVENIO DE TURISMO EN FUNCIÓN DO IAE:
671 SERVIZOS EN RESTAURANTES
68 SERVIZO DE ALOXAMENTO
6711 RESTAURANTES CINCO TENEDORES
6712 RESTAURANTES CATRO TENEDORES
6713 RESTAURANTES DE TRES TENEDORES
6714 RESTAURANTES DE DOUS TENEDORES
6715 RESTAURANTES DUN TENEDOR
681 SERVIZO DE HOSPEDAXE EN HOTEIS E MOTELES
682 SERVIZO DE HOSPEDAXE EN HOSTAIS E PENSIÓNS
683 SERVIZO DE HOSPEDAXE EN FONDAS E CASAS DE HUESPEDES
684 SERVIZO DE HOSPEDAXE EN HOTEIS-APARTAMENTOS
685 ALOXAMENTOS TURISTICOS EXTRAHOTELEROS
686 EXPLOTACION DE APARTAMENTOS PRIVADOS A TRAVES DE AXENCIA Ou EMPRESA ORGANIZADA
6871 CAMPAMENTOS DE LUXO
6872 CAMPAMENTOS DE PRIMEIRA CLASE
6873 CAMPAMENTOS DE SEGUNDA CLASE
6874 CAMPAMENTOS DE TERCEIRA CLASE

Nun principio poderanse financiar as actuacións que cumpran os seguintes requisitos:

- Investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte da persoa promotora. Consideraranse melloras os gastos que sexan necesarios para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento segundo a lexislación vixente en materia turística, así coma outras actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento e/ou de restauración que estea en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor. Para os efectos deste convenio, terán a consideración de servizos turísticos complementarios os seguintes: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
- Os investimentos que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento. Serán admisibles no caso de que se cumpran os seguintes requisitos:
 - Os establecementos obxecto de creación de novas prazas estarán clasificados segundo a lexislación en materia turística como hotel, pensión, casa de turismo rural ou campamento de turismo.
 - A proposta deberá levar aparellada unha valorización do patrimonio cultural ou medioambiental ou a oferta de algún ou algúns dos seguintes servizos turísticos complementarios: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas,



esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.

- A localización dos investimentos que supoñan creación de novas prazas deberá situarse nalgún dos concellos pertencentes ao GDR, e cumprir co Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e Agader, a tal fin.
- Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc., ...) e que se comprometan a ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional, ou que propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.

Estas condicións estarán supeditadas ao respectivo convenio regulador, co cal calquera modificación ao respecto debería terse en conta. A maiores do estipulado no convenio regulador, terase en conta a aposta pola mellora da calidade de establecementos que quere introducir o GDR no territorio. Isto implicará que o Grupo poderá establecer un determinado nivel de categoría para poder financiar o proxecto de creación de establecementos de hospedaxe. Este feito será acordado polos órganos sociais do Grupo, quedando constancia do acordo a tal efecto.

- d) Para os investimentos no sector das **enerxías renovables** queda excluído de financiamento calquera tipo de investimento cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.
- e) Investimentos en **actividades económicas do sector servizos**. Para o financiamento dunha actividade neste apartado terase en conta a existencia de servizos similares na zona, co obxectivo de non saturar a mesma nunha actividade concreta. Este apartado primarase no carácter innovador do proxecto, se ben haberá unha comprobación da existencia ou non destes servizos, mediante o correspondente certificado emitido polos concellos ou entidades competentes. Establécense as seguintes precisións para as empresas prestadoras de servizos e actividades profesionais:
- Con carácter xeral existen as seguintes restricións ao financiamento de proxectos en todos os núcleos, tanto para a creación, como para a modernización e ampliación. O criterio que se utiliza é o epígrafe do Imposto de actividades económicas. Acreditarase mediante un informe municipal ou da autoridade competente.

ACTIVIDADES DE SERVICIOS EXCLUÍDAS DE FINANCIAMIENTO EN FUNCIÓN DO IAE:
7 TRANSPORTE Y COMUNICACIONES

Quedan excluídas de financiamento todas as actividades desta división agás as seguintes:

7513 GARDA E CUSTODIA VEHICULOS EN SOLARES
7515 ENGRASE E LAVADO DE VEHICULOS
7551 SERVICIOS A OUTRAS AXENCIAS DE VIAXES
7552 SERV. AO PUBLICO DE AXENCIAS DE VIAXES
757 SERVICIOS DE MUDANZAS



**ACTIVIDADES DE SERVICIOS EXCLUÍDAS DE FINANCIAMENTO EN FUNCIÓN DO IAE:
8 INSTITUCIONES FINANCIERAS. SEGUROS, SERVICIOS A EMPRESAS Y ALQUILERES**

Quedan excluídas de financiamento todas as actividades desta división agás as seguintes:

8321 AXENCIAS DE SEGUROS E CORREDURIAS
841 SERVICIOS XURIDICOS
842 SERVICIOS FINANCEIROS E CONTABLES
843 SERVICIOS TECNICOS (INGENIERIA, ARQUITECTURA, URBANISMO, ...)
8431 SERVICIOS TECNICOS DE INGENIERIA
8432 SERV. TEC. DE ARQUITECTURA
8433 SERV. TEC. PROSPECCIÓN E GEOLOGIA
8434 SERV. TECNICOS DE TOPOGRAFIA
8435 SERV. TECNICOS DE DELINEACION
8436 INSPECCION TECNICA DE VEHICULOS
846 EMPRESAS DE ESTUDOS DE MERCADO
8494 SERV. CUSTODIA, SEGURIDADE E PROTECCION
8497 SERV. XESTION ADMINISTRATIVA

**ACTIVIDADES DE SERVICIOS EXCLUÍDAS DE FINANCIAMENTO EN FUNCIÓN DO IAE:
9 OTROS SERVICIOS**

Quedan excluídas de financiamento as seguintes actividades:

913 SERVICIOS RELACIONADOS COA PESCA E A ACUICULTURA
9312 ENSINO EDUCACION XENERAL BASICA
9313 ENSINO BACHARELATO, F.P., E C.Ou.U.
9314 ENSINO REGULADO (PREESC, EGB, BUP, FP, COU)
9315 ENSINO DE EDUCACION SUPERIOR
9331 ENSEÑ. CONDUCCION VEHICULOS
9332 PROMOCION CURSOS, ESTUDOS NO EXTRANJ.
934 ENSINO FÓRA DE ESTABLECEMENTO PERMANENTE
9351 COLEXIOS MAIORES
9352 RESIDENCIAS DE ESTUDANTES
9411 HOSPITAIS XERAIS
9412 HOSPITAIS ESPECIALIZADOS
9621 DISTRIBUCION E VENDA DE PELICULAS
9622 DISTRIBUCION E VENDA MAIOR DE PELICULAS
9631 EXHIBICION DE PELICULAS DE CINEMA E VÍDEO
9632 EXHIBICION PELICULAS AIRE LIBRE
9633 EXHIBICION PELICULAS SEN ESTABLECEMENTO
9634 EXHIBICION PELICULAS ESTABLEC. DISTINTOS
9641 SERVICIOS DE RADIODIFUSION
9642 SERVICIOS DE TELEVISION
9643 SERV. TRANSMISION E LIGAZÓN SINALES TV
9651 ESPECTACULOS EN SALAS E LOCAIS
9652 ESPECTACULOS AO AIRE LIBRE
9653 ESPECTACULOS FOSE ESTABLECEMENTO
9654 EMPRESAS DE ESPECTACULOS
9655 ESPECTACULOS TAURINOS
9681 INSTALAC. CELEB. ESPECTACULOS DEPORTIVOS
9682 ORGANIZACION ESPECTACULOS DEPORTIVOS
9683 ORGANIZ. ESPECT. DEPORT. FEDERAC. E CLUBS
9691 SALAS DE BAILE E DISCOTECAS



ACTIVIDADES DE SERVICIOS EXCLUÍDAS DE FINANCIAMENTO EN FUNCIÓN DO IAE:
9 OTROS SERVICIOS
9692 CASINOS DE XOGO
9693 XOGOS DE BINGO
9694 MAQUINAS RECREATIVAS E DE AZAR
9696 SALÓNS RECREATIVOS E DE XOGO
9697 OUTRAS MAQUINAS AUTOMATICAS
9811 CURIOSIDADES EN PARQUES, GRUTAS, ...
9812 XARDÍNS DE RECREO
9813 PARQUES DE ATRACCIÓNS (TAMB. ACUATICOS)
9821 TOMBOLAS E RIFAS AUTORIZADAS ESTABLECIM.
9822 TOMBOLAS E RIFAS AUTOR. SEN ESTABLECIM.
9823 EXPOSICION FIGURAS DE CERA ESTABLECIM.
9824 OUTRAS ATRACC., SERVICIOS, FÓRA ESTABLEC.
9825 ORGANIZ. E CELEB. APOSTAS DEPORT. LOTER
983 AXENCIAS DE COLOCACION DE ARTISTAS
9891 EXPEDICIÓN BILLETES ESPECTÁCULOS
9892 SERV. ORGANIZ. CONGRESOS, ASAMBL
9893 PARQUES Ou RECINTOS FEIRAIS
991 PRESTACION DE SERVICIOS POR SOCIEDADES DE DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL REXIONAL
999 OUTROS SERVICIOS N.C.O.P.

- Para a creación de empresas prestadoras de servicios e actividades profesionais, en núcleos de menos de 500 habitantes, onde non conste a existencia dunha empresa similar dada de alta no mesmo epígrafe do IAE, non se establece limitación, polo cal poderán ser financiadas esas iniciativas.
- Para poder financiar a creación de empresas prestadoras de servicios e actividades profesionais en núcleos de máis de 500 habitantes, non poderá haber dadas de alta no IAE, máis de tres empresas, sen incluír á que se pretende crear.
- Poderanse financiar proxectos de ampliación ou modernización do citado tipo de empresas en todos os núcleos, sempre que existan 3 ou menos empresas, dadas de alta no mesmo epígrafe do IAE, incluída a propia solicitante.
- A persoa ou entidade promotora acreditará a situación anterior, mediante o informe de concello ou entidade competente, demostrando o número de iniciativas existentes en relación ao epígrafe do IAE nese núcleo concreto

Táboa 2. Núcleos con poboación superior a 500 habitantes. Nomenclator. Instituto Galego de Estatística. 2022.

Concello	Núcleo	Total
Camariñas	Camariñas	2.427
	Camelle	731
	A Ponte do Porto	762
Carballo	Carballo	19.267
Carnota	O Pindo	521
Cee	Cee	3.890
Corcubión	Corcubión	1.467
Coristanco	San Roque	525
Dumbría	O Ézaro	517
Fisterra	Fisterra	2.720
	San Martiño de Abaixo	503
Laracha, A	A Laracha	3.465
	Paiosaco	735
	Caión	584
Laxe	Laxe	1.710
Malpica de Bergantiños	Malpica	1.854
Muxía	Muxía	1.474
Ponteceso	O Porto de Corme	1.068
	A Trabe	612
Vimianzo	Vimianzo	1.461
Zas	Baio	843

- f) Investimentos no sector do **comercio polo miúdo**. Sempre que o proxecto poida ser subvencionado, porque cumpre os requisitos establecidos no programa e se adapta á estratexia, regularase o financiamento de actividades, en zonas onde xa se conte con este tipo de servizos establecendo unha serie de precisións:
- Queda excluído con carácter xeral (creación, ampliación e modernización) en todos os núcleos o financiamento de establecementos relacionados cos seguintes epígrafes de IAE.

ACTIVIDADES DE COMERCIO POLO MIÚDO EXCLUÍDAS DE FINANCIAMENTO EN FUNCIÓN DO IAE:
6 COMERCIO, RESTAURANTES, HOSPEDAXE, REPARACIONES

6431 COM. MEN. PEIXES
6432 COM. MEN. BACALLAU E SALGADURAS
6461 COM. MEN. TABACOS EN EXPENDEURÍA
6462 COM. MEN. TABACO EXTENSIÓNS TRANSITORIAS
6463 COM. MEN. TABACO EN EXPENDEURÍAS COMPLEMENTARIAS
6464 COM. MEN. TABACO CON VENDA POR RECARGA
6465 COM. MEN. TABACO MAQUINAS AUTOMÁTICAS
6466 COM. MEN. TABACOS VENDA NON ESTANCADA



ACTIVIDADES DE COMERCIO POLO MIÚDO EXCLUÍDAS DE FINANCIAMENTO EN FUNCIÓN DO IAE:
6 COMERCIO, RESTAURANTES, HOSPEDAXE, REPARACIONES
6467 COM. MEN. ARTICULOS FUMADORES POR MINUSV.
6468 COM. MEN. ARTICULOS PARA FUMADORES
6521 FARMACIAS
6543 COM. MEN. VEHICULOS AEREOS
6544 COM. MEN. VEHICULOS FLUVIAIS E MARITIMOS
6551 COM. MEN. COMBUSTIBLES TODAS CLASES
6552 COM. MEN. GASES COMBUSTIBLES
6553 COM. MEN. CARBURANTES E ACEITES VEHICULOS
656 COMERCIO POLO MIÚDO DE BENS USADOS (MOBLES, PEZAS E AVEÑOS ORDINARIOS DE USO DOMESTICO)
6611 COM. MEN. GRANDES ALMACÉNS
6612 COM. MEN. EN HIPERMERCADOS
6613 COM. MEN. ALMACÉNS POPULARES
6622 COM. MEN. TODA CLASE ART. NOUTROS LOCAIS
663 COMERCIO POLO MIÚDO FÓRA DUN ESTABLECEMENTO COMERCIAL PERMANENTE (AMBULANCIA,MERCADILLOS ...).Ver nota 1.
6631 COM. MEN. PTOS. ALIMENTICIOS SEN ESTABLEC.
6632 COM. MEN. TÉXTILES E CONFECC. SEN ESTABLEC.
6633 COM. MEN. CALZADO SEN ESTABLECEMENTO
6634 COM. MEN. DROGUERIA SEN ESTABLECEMENTO
6639 COM. MEN. OUTRAS MERCANCIAS SEN ESTABLECIM.
6641 VENDA ARTICULOS DIVERSOS EN EXPOSITORES
6642 VTA. CARRETES FOTOS EN EXPOSITORES
6649 COM. MEN. ART. DIVERSOS EN MAQUINAS. Ver nota 2.
665 COMERCIO POLO MIÚDO POR CORREO Ou POR CATALOGO DE PRODUTOS DIVERSOS
6721 CAFETERIAS TRES CUNCAS
6722 CAFETERIAS DÚAS CUNCAS
6723 CAFETERIAS DUNHA CUNCA
6731 BARES CATEGORIA ESPECIAL
6732 OUTROS CAFES E BARES
6741 CAFE-BAR EN VEHICULO
6742 CAFE-BAR EN FERROCARRÍS
6743 CAFE-BAR EN BARCOS
6744 CAFE-BAR AERONAVES
6745 CAFE-BAR SOCIEDADES, CASINOS, CLUBS...
6746 CAFE-BAR TEATROS E CINEMAS
6747 SERVIZOS EN PARQUES Ou RECINTOS FEIRAIS
675 SERVIZOS EN QUIOSCOS, CAIXÓNS, BARRACAS Ou OUTROS LOCAIS ANALOGOS
6771 HOSTELERIA E RESTAURACION SEN ESTABLEC.
6779 OUTROS SERV. ALIMENTACION - RESTAURACION
699 OTRAS REPARACIONES N.C.O.P.
NOTAS
1. Esta actividade permitirase sempre e cando a venda dos produtos se realice no territorio do GDR
2. Estas actividades permitiranse cando se produza a venda de produtos procedentes de produtores locais.

- Para a creación, ampliación e modernización de establecementos comerciais por xunto non se establecerán limitacións.
- Para a creación de establecementos de comercio polo miúdo en núcleos de menos de 500 habitantes, onde non conte a existencia dunha empresa similar dada de alta no mesmo

epígrafe do IAE, non se establece limitación, polo cal poderán ser financiadas esas iniciativas.

- Para poder financiar a creación de establecementos en núcleos de máis de 500 habitantes, non poderá haber dadas de alta no IAE, máis de tres empresas, sen incluír á que se pretende crear.
 - Poderanse financiar proxectos de ampliación ou modernización de establecementos de comercio polo miúdo en todos os núcleos, sempre que existan 3 ou menos establecementos, dados de alta no mesmo epígrafe do IAE, incluída a propia empresa solicitante.
 - A persoa ou entidade promotora acreditará a situación anterior, mediante o informe de concello ou entidade competente, demostrando o número de iniciativas existentes en relación ao epígrafe do IAE nese núcleo concreto.
 - En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.
- g) Os investimentos que consistan na adquisición de **maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais** quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.
- h) Para a realización de **investimentos en centros sociais ou culturais**, así como o seu acondicionamento e equipamento, agás que supoñan a rehabilitación ou acondicionamento dunha edificación tradicional con valor patrimonial, haberá que ter en conta que a construción de centros sociais será admisible só nas parroquias onde non exista outro centro social (xustificarse cun certificado do concello correspondente). A ampliación ou modernización dos centros sociais existentes será factible en todo o territorio de actuación do GDR. Nas seguintes táboas recóllese a relación de núcleos e/ou parroquias onde se poderán construír ou rehabilitar.

Táboa. 3. Lugares onde se poderán construír novos centros sociais.

Concello	Parroquia/núcleo
Cabana de Bergantiños	Escola Antiga de Beres, parroquia do Esto
Coristanco	Local social e cultural en San Roque
Laracha, A	Local socio-cultural no lugar de Priorato, parroquia de Soandres Local socio-cultural no lugar de Vilar, parroquia de Cabovilaño Local socio-cultural no lugar do Igresario, parroquia de Lemaio
Mazaricos	Antiga escola de Vioxo, parroquia de Chacín
Vimianzo	Antiga Escola de Orbellido, parroquia de Baíñas Antiga Escola de Subeiro, parroquia de Serramo

Táboa. 4. Centros sociais que se poderán rehabilitar.

Concello	Parroquia/núcleo
Cee	Centro social de Cee Casa da Cultura de Cee Casa da Cultura da Pereiriña, parroquia de Pereiriña
Corcubión	Casa da Cultura de Corcubión
Coristanco	Local social en Santa Baia, parroquia de Castro Local social no Igresario, parroquia de Cuns Local social de Mira, parroquia de Seavia Local social de Abelenda, parroquia de Erbecedo



Concello	Parroquia/núcleo
Laracha, A	Local cultural de Campo Medado, parroquia de Soandres
	Local cultural de A Fraga, parroquia de Soandres
	Local cultural de Regado, parroquia de Cabovilaño
	Local cultural de Campo da Insua, parroquia de Caión
	Local cultural de Rañeiras, parroquia de Lestón
	Local cultural de O Rapadoiro, parroquia de Coiro
	Local cultural de Reirís, parroquia de Erboedo
	Local cultural de Campo de Lamas, parroquia de Golmar
	Centro socio-cultural do Cruceiro, parroquia de Lendo
	Centro local-cultural lugar do Igresario, parroquia de Montemaior
	Local Hospital dos Peregrinos, lugar de Sta. Margarita, parroquia de Montemaior
	Local cultural de Cumians, parroquia de Montemaior
	Local cultural da Xesta, parroquia de Soutullo
	Local cultural de Bos Aires, parroquia de Vilaño
	Local socio cultural da Areosa, parroquia de Vilaño
Malpica de Bergantiños	Teleclub do lugar de Buño

En calquera caso, os GDR deberán priorizar a rehabilitación de edificacións tradicionais fronte á construción ou acondicionamento de edificios novos. A contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000,00 € por proxecto.

- i) Os investimentos consistentes na **elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web** terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.
- j) Os investimentos relacionados con **instalacións ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza** de carácter regrado, quedan excluídos de financiamento.

3.1.3 Condicións xerais sobre a valoración de proxectos

Os criterios de valoración ou baremación diferéncianse en función da tipoloxía de proxectos, en produtivos e non produtivos. Neste sentido establécense tamén uns límites de axuda que non se poderán superar, en termos porcentuais. En canto ao importe máximo da axuda establécense tamén unha serie de límites.

No caso dos proxectos produtivos establécese un criterio común, mentres no que respecta aos proxectos non produtivos establecemos unha serie de categorías que nos indicarán se ten máis ou menos prioridade, á hora de ser financiado. Deste xeito podemos diferenciar entre proxectos non produtivos de prioridade alta, media ou baixa.

Os proxectos de natureza produtiva terán un límite de importe de axuda máximo que ascenderá aos 125.000 euros. Nos proxectos acoñados ao Bono Activa Rural o límite será de 12.500 euros. Se os proxectos están amparados baixo o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis, o límite máximo será de 200.000€ por persoa promotora durante tres exercicios fiscais. A porcentaxe de financiamento máxima será do 40% dos custes elixibles.

Os proxectos de carácter non produtivo terán tamén como máximo un límite de 200.000 €. A porcentaxe de financiamento máxima será do 90%. Para que un proxecto non produtivo poida acadar a porcentaxe máxima de financiamento, debe estar aliñado cos obxectivos transversais do PEPAC de Galicia, polo cal debe atender cuestións relacionadas con:



- Servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas, o investimento en proxectos que supoñan tamén melloras na formación para o acceso ao emprego, tales como: centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio- laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día), centros de formación ou similares.
- Investimentos ligados a aldeas intelixentes (smart villages).
- Investimentos relacionados co uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TICs) no medio rural, tales como aulas de formación, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral, banda ancha,..., uso da “internet das cousas” e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas.
- Proxectos de utilización de enerxías alternativas ou eficiencia enerxética, como por exemplo a instalación de caldeiras de biomasa, placas solares, mecanismos e equipamentos que permitan a redución do consumo de auga, ou aproveitamento hídrico, etc.
- Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.

Táboa 5. Límites de proxectos con carácter xeral

	APLICACIÓN DA EDLP	
	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
Importe máximo de axuda	125.000€	200.000€
Importe máximo R 1407/2013	200.000€	200.000€
% máximo de axuda	40%	90%
Importe máximo Bono Activa Rural	12.500€	-

A maiores dos límites de financiamento establecidos con carácter xeral, nas correspondentes normas reguladoras das axudas, establécense unhas limitacións ao financiamento de proxectos non produtivos, que é a seguinte:

- As entidades públicas locais terán como límite máximo de axuda en todo o período 38.000 euros, para cada concello. No caso de proxectos que realicen conxuntamente poderán chegar ao tope que se establece con carácter xeral (Si o proxecto agrupa 2 concellos o límite será de 76.000,00€, si son 3 concellos 114.000,00€, si son 4 concellos 152.000,00€ e si son 5 concellos 190.000€, e si son 6 ou máis concellos 200.000€). O proxecto sería conxunto, cando implicase a dous ou máis concellos. Neste caso podería figurar un concello como promotor, asinando co resto un convenio, que regularía as condicións e compromisos asumidos por cada concello: investimento de cada concello, achegas, formas de pago, responsabilidade, etc. Este convenio serviría para dividir o importe de axuda de cada concello, tendo sempre en consideración, os topes máximo establecidos na propia estratexia, que non poderían superar cada un dos concellos asinantes.
- O resto de entidades (institucións de carácter privado), que poden ser beneficiarias de proxectos non produtivos, terán como límite máximo tamén 38.000€ por entidade promotora para todo o período. No caso de proxectos que se realicen conxuntamente rexerán as mesmas condicións de límites cuantitativos que para os concellos, podendo chegar ao tope máximo.



3.1.4 Requisitos para a subvencionabilidade dos proxectos

Como regra xeral, para que un proxecto sexa valorado é necesario que cumpra unha serie de requisitos previos que teñen que ver coa súa viabilidade, a súa adecuación á EDLP e á normativa sectorial, e o seu carácter finalista.

1. **Viabilidade técnica.** A solicitude de admisión do proxecto virá acompañada dunha documentación que acredite a solvencia do proxecto dende o punto de vista técnico, isto é, que sexa realizable, e que se poida executar con garantías. Terase en conta a coherencia do proxecto para a súa posta en marcha. Para acreditar a viabilidade terase en conta información procedente de diferentes fontes: plan de Empresa ou de xestión, ou ben outros documentos, anteprojectos, ou memorias de carácter técnico, nos cales conste a posibilidade de poder executar a iniciativa respectando os requirimentos dende o punto de vista normativo (urbanístico, ambiental, etc.). Este criterio débeno cumprir tanto os proxectos produtivos como os non produtivos.
2. **Viabilidade económica e financeira.** Revisaranse os criterios de viabilidade económica e financeira, analizando conceptos como a taxa interna de rendibilidade, o valor actual neto (VAN), a rendibilidade económica e financeira. Estes conceptos analizaranse tendo en conta a documentación que se presente, entre eles as contas previsionais para 5 anos (contas de perdas e ganancias e balances previsionais), así como, aquelas certificacións bancarias, ou declaración persoais que poidan acreditar a solvencia financeira da persoa ou entidade promotora. É necesario puntualizar que no caso dos proxectos non produtivos só se terá en conta a viabilidade financeira do proxecto, podéndoa acreditar co correspondente certificado bancario ou documentación complementaria.
3. **Coherencia e adecuación do proxecto coa EDLP.** A principal finalidade que figure no proxecto deberá adecuarse aos obxectivos establecidos no Plan de Acción da estratexia, e por tanto, no FEADER. Terase en conta a coherencia do proxecto en relación ás necesidades e debilidades diagnosticadas no territorio, e en relación ás potencialidades ou oportunidades, que se formularon á hora de realizar o diagnóstico (DAFO). Tamén se verá o seu grao de adaptación aos retos e obxectivos que se definiron na estratexia e que se plasman no plan de acción, así como o reforzo das actividades ou empregabilidade de recursos da zona, a súa horizontalidade, entre outros.
4. **Adaptación á normativa sectorial.** Cada tipo de proxecto pode verse afecto por normativas de diferente tipo (comunitarias, estatais, autonómicas ou locais), que deben ser cumpridas. O incumprimento dalgunha delas implicaría que o proxecto non pode financiarse.
5. **Carácter finalista.** No momento da xustificación final do proxecto, este deberá cumprir os obxectivos e fins para os que foi definido. Non se poderán subvencionar fases de proxectos que non constitúan unha actividade finalista.

Táboa 6. Criterios excluíntes na valoración dos proxectos

CRITERIOS	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
Viabilidade técnica	●	●
Viabilidade económica	●	-
Viabilidade financeira	●	●
Coherencia coa EDLP	●	●
Carácter finalista	●	●



3.1.5 Criterios de baremación de proxectos produtivos

Os criterios de baremación dos proxectos produtivos fan referencia aos seguintes factores fundamentais:

1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.
2. As características da persoa ou entidade promotora.
3. Incidencia sobre a creación e/ou mantemento de emprego no territorio.
4. Impacto sobre o territorio.

1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.

Este criterio terá como máximo unha puntuación de 35 puntos. No caso de que un proxecto afecte de maneira directa a varios concellos ou núcleos de poboación, empregárase o criterio máis favorable como regra xeral. Este matiz aplicárase a todo tipo de proxectos. Os criterios que se terán en conta son as características económicas e demográficas, de emprego dos concellos, o seu carácter rural, ou a afección a zonas de protección ambiental ou a pertenza do concello onde se localice o proxecto a un Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro. Teranse en conta as características dos últimos 10 anos.

1.1. CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración será o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2020 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (6)
IMRF < 75%	Camariñas, Dumbría, Fisterra	6
75 % ≤ IMRF < 80%	Carnota, Mazaricos, Muxía	4
80 % ≤ IMRF < 85%	Cabana de Bergantiños, Cee, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños, Vimianzo, Zas	3
85% ≤ IMRF < 90%	A Laracha, Ponteceso	2
IMRF ≥ 90%	Carballo, Corcubión	1

1.2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración será a caída da poboación entre os anos 2012 e 2022 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes. Tómasse como referencia o territorio elixible excluindo a unidade de poboación de Carballo.

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (7)
% caída ≥ 15%	Carnota, Coristanco, Mazaricos, Zas	7
10% ≤ % caída < 15%	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso, Vimianzo	4
0% ≤ % caída < 10%	Cee, Corcubión, Fisterra	2
Aumento poboación	A Laracha, Carballo	0

1.3. NÚCLEO/ENTIDADE DE POBOACIÓN NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración é o de priorizar os proxectos se implanten nas áreas máis rurais de cada Concello. Establécense varios rangos de tamaño dos núcleos/entidades asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos, tendo como referencia o número de habitantes. Os datos extraírense do nomenclátor (IGE) d e 2022.

CRITERIO	NÚCLEOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (6)
$0 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 100$	Ver nomenclator 2022.	6
$100 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 500$	Ver nomenclator 2022.	4
$500 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 1.000$	Ver nomenclator 2022.	3
$1.000 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 2.500$	Ver nomenclator 2022.	2
$\text{N}^\circ \text{ habitantes} \geq 2.500$	Ver nomenclator 2022.	1

1.4 Outros criterios xeográficos. Máximo 16 puntos

A continuación estarían outra serie de criterios xeográficos (1.4...) relacionados cos diferentes variables como a densidade de núcleos de poboación, a porcentaxe de paro, a pertenza a concellos da Rede Natura, ou o feito de que coincida o proxecto nun concello que pertence a un Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro. A puntuación deste apartado é acumulativa, se ben non poderá superar en conxunto os 16 puntos como máximo.

1.4.1. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: DENSIDADE DE NÚCLEOS DE POBOACIÓN ONDE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración é o valorar o número de entidades singulares poboación por km2, en orde ascendente. O dato extraírase das Estatísticas do Territorio do Instituto Galego de Estatística. Ano 2022.

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (3)
$1,5 \leq$	A Laracha, Carballo	3
$0,7 \leq \text{entre} < 1,5$	Cabana de Bergantiños, Carnota, Cee, Corcubiión, Coristanco, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso, Zas	2
$< 0,7$	Camariñas, Dumbría, Mazaricos, Vimianzo	1

1.4.2. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PORCENTAXE DE PARO DA POBOACIÓN SOBRE POBOACIÓN TOTAL ONDE SE LOCALIZA O PROXECTO.

O criterio de referencia para facer a valoración é porcentaxe de paro sobre poboación de entre 16 e 64 anos en función do concello onde se localiza o proxecto. Os datos extraírense dos Rexistros de paro da Consellería de Economía, Emprego e Industria para 2022.

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (3)
Porcentaxe de paro $> 10\%$	Carballo, Camariñas, Coristanco, Laxe	3
$8\% < \text{Porcentaxe de paro} \leq 10\%$	Cabana de Bergantiños, Carnota, Cee, Corcubiión, Dumbría, Fisterra, Malpica de Bergantiños	2

5 %≤ Porcentaxe de paro ≤ 8%	A Laracha, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo, Zas	1
------------------------------	---	---

1.4.3. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PROXECTOS EN ESPAZOS AFECTADOS POLA REDE NATURA OU LOCALIZADOS EN ALDEAS MODELO

O criterio de referencia para facer a valoración é que o proxecto se sitúe nunha zona afectada por figuras de protección ambiental como a Rede Natura ou nunha aldea modelo, para o cal presentará informe da autoridade competente ou concello. A fonte empregada é Estatísticas do medio natural. Superficie dos espazos naturais protexidos en Galicia do Instituto Galego de Estatística.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (3)
Proxecto localizado en Rede Natura	3
Proxecto localizado en Aldea Modelo	3

1.4.4. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PROXECTOS EN CONCELLOS QUE NON PERTENCEN AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

O criterio de referencia para facer a valoración é que o proxecto se sitúe nun concello que non pertenza aos GALP. Tómasse como referencia ao GALP Costa da Morte e o GALP Seo de Fisterra e Ría de Muros Noia Costa Sostible.

CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (10)
Coristanco, Zas e Mazaricos	10

2. Características da persoa ou entidade promotora do proxecto.

Este criterio proporcionará como máximo 10 puntos. Teranse en conta as características das persoas ou entidades promotoras priorizando en función das mesmas, co obxectivo de favorecer unha maior integración e cohesión social no territorio. Diferenciaremos se o proxecto é presentado por unha persoa física, xurídica ou figuras concretas como as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Malia todo, antes de abordar este punto é necesario facer unha serie de matizacións. Unha das prioridades á que se tentará dar resposta e priorizar, na posta en marcha dos diferentes proxectos, é a da promoción da igualdade e o reforzo da cohesión social nos territorios. Para isto preténdese favorecer a integración de determinados colectivos que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego, ou á hora de seren beneficiarios de moitos programas. Os colectivos desfavorecidos son:

- Mulleres
- Mozos e mozas con idade inferior a 41 anos, e en demanda activa de emprego
- Persoas maiores de 55 anos
- Persoas paradas de longa duración (aquelas que por un período superior a 12 meses se atopen inscritas en procura de emprego nos servizos de emprego estatais, independentemente do perfil de idade ou profesional que acredite).
- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Persoa inmigrante ou emigrante retornada, que acredite tal situación.
- Persoas con dificultades de integración social: perceptores de Risga, presos, toxicómanos, etc.

- Persoas en risco de exclusión social: pobreza, vulnerabilidade ou marxinación, que acrediten tal situación.

2.1. PROXECTOS PRESENTADOS POR UNHA PERSOA FÍSICA

O criterio de referencia para facer a valoración é o xénero, idade ou a condición social. Prestarase especial atención a que os proxectos sexan promovidos por colectivos desfavorecidos.

PERSOA PROMOTORA	PUNTUACIÓN MÁXIMA (10)
Muller	2
Home	1
Persoa con idade inferior aos 41 anos	2
Persoa con discapacidade igual ou superior ao 33%	2
Persoa con problemas de integración social ou en risco de exclusión social	2
Persoa parada de longa duración	2
Inmigrante, emigrante retornado ou persoa maior de 55 anos	2

2.2. PROXECTOS PRESENTADOS POR UNHA PERSOA XURÍDICA

O criterio de referencia para facer a valoración son as características das persoas que compoñen a sociedade, ou ben a súa tipoloxía.

ENTIDADE PROMOTORA	PUNTUACIÓN MÁXIMA (10)
Empresa constituída por colectivos desfavorecidos (máis do 25% das socias): mulleres, mocidade, maiores de 55, persoas con discapacidade, con problemas de integración social ou en risco de exclusión, emigrantes, retornados.	5
Empresa de economía social: cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción social, centros especiais de emprego, SAT,...	5
Outro tipo de entidades promotoras	2

2.3. PROXECTOS PRESENTADOS POR UNHA CMVMC OU MMVMC

O criterio de referencia para facer a valoración é que a entidade promotora sexa unha comunidade de montes veciñais en man común ou unha mancomunidad formada por estas. Terase en conta que as persoas asociadas requiran unha serie de consideracións como pertencer aos colectivos de persoas desfavorecidas.

ENTIDADE PROMOTORA	PUNTUACIÓN MÁXIMA (10)
C.M.V.M.C. ou M.M.V.M.C.	5
Comunidade ou mancomunidad constituída por colectivos desfavorecidos (máis do 25% das persoas socias).	5



3. Incidencia sobre a creación e/ou mantemento de emprego no territorio.

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. A puntuación é acumulativa. Téñense en conta o número de empregos xerados, así como as características das persoas que se empregan. Tamén se valora a incidencia en función do investimento que supón o proxecto, diferenciando si o emprego xerado é de nova creación ou ben se consolidan postos de traballo existentes.

3.1. INCIDENCIA SOBRE O NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO XERADO	
O criterio de referencia para facer a valoración é o número de empregos que se xeran ou a tipoloxía de persoas que se empregan, potenciando a creación de emprego de determinados colectivos.	
EMPREGO XERADO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (15)
Creación do emprego neto (2 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente)	10
Emprego de persoas con discapacidade (1 punto por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente)	3
Creación de emprego de colectivos desfavorecidos (1 punto por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente)	2

3.2. INCIDENCIA SOBRE O EMPREGO XERADO/CONSOLIDADO EN FUNCIÓN DO IMPORTE DO INVESTIMENTO REALIZADO	
O criterio de referencia para facer a valoración é o emprego creado/consolidado por cada 100.000€ de investimento. O coeficiente que se aplica é: número de empregos xerados/investimento aceptado*100.000. Tanto na creación como na consolidación de emprego, terase como referencia as UTA (unidade de traballo anual) ou fracción de UTA, isto é, 1 emprego supón traballar a tempo completo durante todo o ano; de traballar a tempo parcial ou parte do ano contarase a fracción de UTA que corresponda.	
COEFICIENTE CREACIÓN DE EMPREGO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (5)
Maior ou igual a 4	5
De 3 a 4 ($3 \leq C < 4$)	4
De 2 a 3 ($2 \leq C < 3$)	3
De 1 a 2 ($1 \leq C < 2$)	2
De 0 a 1 ($0 < C < 1$)	1
COEFICIENTE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO	
Maior ou igual a 5 ($5 \leq M$)	5
De 3 a 5 ($3 \leq M < 5$)	4
De 0 a 3 ($0 < M < 3$)	3

4. Impacto sobre o territorio.

Este criterio proporcionará como máximo 35 puntos. Teranse en conta factores como a capacidade de arrastre do proxecto, a asociación a sectores estratéxicos da economía local, a súa incidencia medioambiental, a utilización e enerxías renovables ou a mellora da eficiencia enerxética, ou o carácter innovador do proxecto.

4.1. CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración é o efecto multiplicador que supón o proxecto, tendo en consideración unha serie de factores como a porcentaxe de utilización de recursos de empresas do territorio, a posta en valor de recursos do mesmo, reforzando por tanto prácticas sostibles no territorio, ou tamén, se o proxecto é de nova creación ou supón unha ampliación ou modernización.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (6)
Utilización de produtos producidos, elaborados, transformados ou comercializados por empresas do territorio nunha porcentaxe superior ó 20% e inferior ao 30% dentro dos inputs do proxecto (orçamento admitido). Xustificarase coas facturas proforma en 1º lugar e logo coas correspondentes facturas.	1
Utilización de produtos producidos, elaborados, transformados ou comercializados por empresas do territorio nunha porcentaxe igual ou superior ao 30% e inferior a 60% dentro dos inputs do proxecto (orçamento admitido). Xustificarase coas facturas proforma en 1º lugar e logo coas correspondentes facturas.	2
Utilización de produtos producidos, elaborados, transformados ou comercializados por empresas do territorio nunha porcentaxe igual ou superior ao 60% dentro dos inputs do proxecto (orçamento admitido). Xustificarase coas facturas proforma en 1º lugar e logo coas correspondentes facturas.	3
Posta en valor do patrimonio local	2
Creación ou primeiro establecemento	2
Modernización ou ampliación	1

A continuación está o apartado **4.2 Incidencia sobre actividades estratéxicas no territorio e bono activa rural** que se divide en dous subapartados. **A puntuación máxima neste apartado será de 7 puntos.**

4.2.1 INCIDENCIA DO PROXECTO SOBRE ACTIVIDADES ESTRATÉXICAS NO TERRITORIO

O criterio de referencia para facer a valoración é que o obxectivo xeral do proxecto consista nunha serie de actividades que son consideradas como estratéxicas para o desenvolvemento sostible do territorio. Terase en conta como referencia a relación directa do obxectivo xeral do proxecto coas seguintes actividades:

ACTIVIDADES PRIORITARIAS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (7)
- Investimentos no sector primario (produción, transformación ou comercialización, agrícola ou gandeira ou forestal), relacionados con: • A mellora da eficiencia enerxética e/ou o emprego de fontes de enerxía renovables. • A mellora da biodiversidade e conectividade ecolóxica. • A implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou forestal, ata un máximo de 30.000€, sempre que sexa actividade complementaria da actividade principal da persoa promotora. • Actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilización de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria.	7

• Transformación e comercialización de produtos agrarios e gandeiros contemplados na EDLP: produtos artesanais ou ecolóxicos, de tempada, ou cultivos con proxección no territorio (resina, lúpulo, etc.). • Uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía • Produción de bioprodutos forestais e actividades que promovan o uso multifuncional do monte: silvopastoreo; uso recreativo ou de lecer; aproveitamento de resinas; aproveitamento de froitos silvestres e cogomelos baixo substrato forestal; equipamento; recollida e procesado da castaña,... sempre a pequena escala). • Aproveitamento enerxético da biomasa forestal -Iniciativas TIC, que melloren a cobertura de servizos á poboación. - Proxectos de creación, modernización ou ampliación de establecementos de aloxamento que cumpran co convenio asinado entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia, e que supoñan que o establecemento poida ofertar un número de prazas fixas igual ou superior a 50 (sen contar tendas de campaña e autocaravanas). - Outros investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente.	
--	--

4.2.2 PROXECTOS ACOLLIDOS AO BONO ACTIVA RURAL CON IMPACTO NO TERRITORIO

Proxecto acollidos ao Bono activa rural que a maiores que teñan impacto no territorio a nivel económico, social, cultural ou ambiental, en función das actividades que desenvolva

INVESTIMENTO E ACTIVIDADES PRIORIARIAS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (7)
Realización de investimento. Terase en conta o investimento realizado na operación, aínda que non solicite axuda do programa para o mesmo. Os intervalos que establecemos son: • Investimento $\geq 5.000\text{€}$ e $< 7.000\text{€}$ = 1 punto • Investimento $\geq 7.000\text{€}$ e $< 10.000\text{€}$ = 2 puntos • Investimento $\geq 10.000\text{€}$ = 3 puntos	3
Proxectos que impliquen unha actividade económica innovadora: non existente no concello, de innovación social, que implique innovacións tecnolóxicas en actividades ou procesos	4
Proxectos que impliquen unha actividade de produción ou transformación de produtos agrarios e/ou forestais estratéxica para o territorio: • produción de horta en ecolóxico, transformación de produto innovadora, actividades vinculadas á alimentación saudable, artesanía alimentaria,... • Produción forestal dedicada a novos aproveitamentos ou produción de enerxía dunha maneira sostible	4
Actividades de desenvolvemento tecnolóxico que impliquen melloras para a calidade de vida das persoas no entorno rural	4
Actividades que reforcen a calidade de vida das persoas e a cohesión social mediante a prestación de servizos de atención ás persoas: vivendas tuteladas, servizos persoais a domicilio (fisioterapia, estimulación cognitiva, podoloxía, peiteado,...), servizos de transporte baixo demanda, servizos de alimentación a domicilio, ou	4



outros servizos que contribúan á fixación de poboación, como por exemplo tabernas como centros sociais (no lugar onde non haxa ningunha),...	
Actividades de preservación ambiental, así como actividades de divulgación, sensibilización, formación, nesta materia	4
Actividades de posta en valor do patrimonio cultural, tanto material como inmaterial	4

4.3. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL DO PROXECTO

O criterio de referencia para valorar é o impacto que pode xerar o proxecto na redución da pegada de carbono e emisións contaminantes, reducindo o impacto ambiental no territorio.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (10)
Supón a adopción de medidas na xestión da auga e recursos hídricos (autorizacións de verquidos, reutilización de augas, etc.)	3
Dispón ou comprométese á obtención de certificacións de xestión medioambiental	3
Adopción de Manuais de boas prácticas medioambientais	2
Adopción dalgunha medida que reduza o impacto medioambiental (Plan de medidas correctoras, valoración de riscos ambientais, redución de emisións de carbono,...)	3
Proxectos de economía circular e/ou redución, reutilización ou reciclaxe de residuos producidos no territorio	3
Localización de actividades molestas en solo industrial	3

4.4. UTILIZACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

O criterio incide no impacto ambiental sobre o territorio; falamos de accións relacionadas coa utilización de enerxías renovables ou procesos de mellora da eficiencia enerxética. Cómpre ter en conta as limitacións que se establecen no programa en canto ao financiamento e utilización deste tipo de enerxías. O investimento que terá o proxecto nesta materia deberá supoñer como mínimo o 5% do total do investimento admisible do proxecto, para poder obter puntuación.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (5)
Utilización de enerxías renovables que non supoñan a venda á rede.	5
Melloras ou utilización de equipamentos, bens de equipo ou instalacións que melloren a eficiencia enerxética	5

4.5. CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO

O criterio a ter en conta é a existencia ou non de actividades similares na zona (núcleo ou concello), a creación de produtos, servizos, equipamentos innovadores, a potenciación do comercio de produtos locais, ou a introdución de TIC

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (7)
----------	-----------------------

Inexistencia desa actividade no concello. Xuntarse informe do IAE do concello ou entidade competente (Facenda ou Deputación).	2
Inexistencia desa actividade no núcleo. Xuntarse informe do IAE do concello ou entidade competente (Facenda ou Deputación).	1
Proxecto que promova a distribución e venda dos produtos locais, entendendo por tales os que se produzan, elaboren ou transformen na zona	2
Novo produto ou servizo ou novas aplicacións dos produtos do concello	2
Incorporación de TIC's	3

A continuación presentamos a matriz de relación entre os criterios de baremación dos proxectos produtivos e os obxectivos da estratexia, centrándonos nas liñas de actuación do plan de acción.

Táboa 7. Matriz de relación entre os criterios de baremación dos proxectos produtivos e os obxectivos da estratexia.

Matriz de relación criterios/Liñas de actuación. Proxectos produtivos	
Criterio 1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.	
Liñas de actuación	Todas as liñas
Xustificación	Preténdese reforzar o equilibrio territorial e a cohesión social do territorio, ao tempo que ten en conta a complementariedade con outros fondos (FEMPA).
Criterio 2. Características da persoa ou entidade promotora.	
Liñas de actuación	Todas as liñas
Xustificación	Diferéncianse varias tipoloxías de persoas: físicas e xurídicas, potenciando nestas últimas, entre outras, ás comunidades de montes. Preténdese reforzar a cohesión social do territorio, primando os proxectos ou actividades de colectivos que están en condicións de desigualdade por diferentes factores e condicións. Quérese promover unha sociedade máis inclusiva, reforzando a transversalidade dos principios horizontais dos fondos EIE. Tamén se potencia un modelo forestal sostible, promovendo un posicionamento estratéxico para as comunidades de montes veciñais e as súas federacións.
Criterio 3. Incidencia sobre a creación e/ou mantemento de emprego no territorio.	
Liñas de actuación	LA 111, LA 112, LA113, LA121, LA122, LA1213, LA131, LA132, LA211, LA212, LA222, LA223, LA231, LA312, LA321
Xustificación	No emprego poténsiase a creación e mantemento de emprego, reforzando o papel que ten a xeración de novos postos de traballos no territorio. Téñense en conta tres variables: a dimensión cuantitativa do emprego xerado, o perfil social do emprego e o investimento xerado en relación ao emprego creado.
Criterio 4. Impacto sobre o territorio	
Liñas de actuación	Todas as liñas
Xustificación	A capacidade de arrastre do territorio é unha das características que definen ao modelo de valoración, potenciando o factor “endógeno” do desenvolvemento rural. Téñense en conta os inputs do proxecto, pero tamén o impacto en activades e recursos na contorna local. Poténcianse as actividades estratéxicas do territorio, reforzando a conexión das mesmas cos obxectivos das políticas públicas europeas vinculadas ao Pacto Verde Europeo, e o conxunto de plans e programas relacionados, tendendo cara unha sociedade onde se prima a transformación ecolóxica, a transición dixital e a sostibilidade. Neste sentido considérase relevante a incidencia ambiental dos proxectos, a súa pegada ecolóxica e o factor de innovación. Prímase a nova figura do “Bono Activa rural”, por entender que pode ser un factor decisivo para a promoción do emprego autónomo na contorna rural.



3.1.6 Criterios de baremación de proxectos non produtivos.

Como comentamos anteriormente, dependendo da prioridade dos proxectos que se promovan, estes poderán obter máis ou menos financiamento. A continuación nas táboas sintetizamos as tipoloxías de investimentos que se recollen en cada categoría.

Táboa 8 Tipoloxía de investimentos non produtivos en función da prioridade

Proxectos non produtivos de prioridade alta: intensidade de axuda máxima do 90% de axuda
- Servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas, o investimento en proxectos que supoñan tamén melloras na formación para o acceso ao emprego, tales como: centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio- laboral para persoas con discapacidade, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día), centros de formación ou similares. - Investimentos ligados a aldeas intelixentes (smart villages). - Investimentos relacionados co uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TICs) no medio rural, tales como aulas de formación, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral, banda ancha,... uso da “internet das cousas” e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas. - Proxectos de utilización de enerxías alternativas ou eficiencia enerxética, como por exemplo a instalación de caldeiras de biomasa, placas solares, mecanismos e equipamentos que permitan a redución do consumo de auga, ou aproveitamento hídrico, etc. - Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
Proxectos non produtivos de prioridade media: intensidade de axuda máxima do 70% de axuda
- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas da natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural. - Centros de promoción de recursos e puntos de información turística. - Centros sociais (creación, modernización e dotación de equipamentos). - Posta en valor e difusión da gastronomía e produtos do territorio. - Organización e desenvolvemento de certames e eventos de valorización de produtos agroalimentarios e/ou de promoción turística do territorio. - Elaboración de material divulgativo (mapas, guías,...) para a valorización de produtos agroalimentarios e/ou de promoción turística.
Proxectos non produtivos de prioridade baixa: intensidade de axuda máxima do 50% de axuda.
- Infraestruturas de lecer (ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, etc.) - Instalacións deportivas, en coordinación co departamento sectorial competente. - Todos os proxectos que non se contemplan nos apartados anteriores que poidan ser elixibles e teñan a natureza de non produtivos.

Os proxectos Non Produtivos de Prioridade Media que citamos a continuación deberán axudar a desestacionalizar o sector turístico no territorio e polo tanto os eventos ou certames que se leven a cabo terán que desenvolverse en datas que non coincidan coas festividades locais, nin parroquiais onde se vaia a levar a cabo o proxecto:

- Posta en valor e difusión da gastronomía e produtos do territorio
- Organización e desenvolvemento de certames e eventos de valorización de produtos agroalimentarios e/ou de promoción turística do territorio

Os criterios de baremación dos proxectos non produtivos fan referencia aos seguintes factores fundamentais:

1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.
2. As características da persoa ou entidade promotora
3. Impacto sobre o territorio.

1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.

Este criterio terá como máximo unha puntuación de 35 puntos. No caso de que un proxecto afecte de maneira directa a varios concellos ou núcleos de poboación, empregárase o criterio máis favorable como regra xeral. Este matiz aplicárase a todo tipo de proxectos. Os criterios que se terán en conta son as características económicas e demográficas, de emprego dos concellos, o seu carácter rural, ou a afección a zonas de protección ambiental ou a pertenza do concello onde se localice o proxecto a un Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.

1.1. CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración será o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2020 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (6)
IMRF < 75%	Camariñas, Dumbría, Fisterra	6
75 % ≤ IMRF < 80%	Carnota, Mazaricos, Muxía	4
80 % ≤ IMRF < 85%	Cabana de Bergantiños, Cee, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños, Vimianzo, Zas	3
85% ≤ IMRF < 90%	A Laracha, Ponteceso	2
IMRF ≥ 90%	Carballo, Corcubión	1

1.2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración será a caída da poboación entre os anos 2012 e 2022 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes. Tómasse como referencia o territorio elixible excluindo a unidade de poboación de Carballo.

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (7)
% caída ≥ 15%	Carnota, Coristanco, Mazaricos, Zas	7
10% ≤ % caída < 15%	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso, Vimianzo	4
0% ≤ % caída < 10%	Cee, Corcubión, Fisterra	2

1.2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

Aumento da poboación	A Laracha, Carballo	0
----------------------	---------------------	---

1.3. NÚCLEO/ENTIDADE DE POBOACIÓN NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración é o de priorizar os proxectos se implanten nas áreas máis rurais de cada Concello. Establécense varios rangos de tamaño dos núcleos/entidades asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos, tendo como referencia o número de habitantes. Os datos extraírense do nomenclátor (IGE) de 2022.

CRITERIO	NÚCLEOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (6)
$0 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 100$	Ver nomenclator 2022.	6
$100 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 500$	Ver nomenclator 2022.	4
$500 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 1.000$	Ver nomenclator 2022.	3
$1.000 \leq \text{N}^\circ \text{ de habitantes} < 2.500$	Ver nomenclator 2022.	2
$\text{N}^\circ \text{ habitantes} \geq 2.500$	Ver nomenclator 2022.	1

1.4 Outros criterios xeográficos. Máximo 16 puntos

A continuación estarían outra serie de criterios xeográficos (1.4...), que se divide en varios subapartados relacionados cos diferentes variables como a densidade de núcleos de poboación, a porcentaxe de paro, a pertenza a concellos da Rede Natura, ou o feito de que coincida o proxecto nun concello que pertence a un Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro. A puntuación deste apartado é acumulativa, se ben non poderá superar en conxunto os 16 puntos como máximo de valoración.

1.4.1. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: DENSIDADE DE NÚCLEOS DE POBOACIÓN ONDE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración é o valorar o número de entidades singulares poboación por km², en orde ascendente. O dato extraírase das Estatísticas do Territorio do Instituto Galego de Estatística. Ano 2022

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (3)
$1,5 \leq$	A Laracha, Carballo	3
$0,7 \leq \text{entre} < 1,5$	Cabana de Bergantiños, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso, Zas	2
$< 0,7$	Camariñas, Dumbría, Mazaricos, Vimianzo	1

1.4.2. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PORCENTAXE DE PARO DA POBOACIÓN SOBRE POBOACIÓN TOTAL ONDE SE LOCALIZA O PROXECTO

O criterio de referencia para facer a valoración é porcentaxe de paro sobre poboación de entre 16 e 64 anos en función do concello onde se localiza o proxecto. Os datos extraírense dos Rexistros de paro da Consellería de Economía, Emprego e Industria para 2022.



1.4.2. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PORCENTAXE DE PARO DA POBOACIÓN SOBRE POBOACIÓN TOTAL ONDE SE LOCALIZA O PROXECTO

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (3)
Porcentaxe de paro > 10%	Carballo, Camariñas, Coristanco, Laxe	3
8% < Porcentaxe de paro ≤ 10%	Cabana de Bergantiños, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Malpica de Bergantiños	2
5 % ≤ Porcentaxe de paro ≤ 8%	A Laracha, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo, Zas	1

1.4.3. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PROXECTOS EN ESPAZOS AFECTADOS POLA REDE NATURA OU LOCALIZADOS EN ALDEAS MODELO

O criterio de referencia para facer a valoración é que o proxecto se sitúe nunha zona afectada por figuras de protección ambiental como a Rede Natura ou nunha Aldeas Modelo, para o cal presentará informe da autoridade competente ou concello. A fonte empregada é Estatísticas do medio natural. Superficie dos espazos naturais protexidos en Galicia do Instituto Galego de Estatística.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (3)
Proxecto localizado en Rede Natura	3
Proxecto localizado en Aldea Modelo	3

1.4.4. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: PROXECTOS EN CONCELLOS QUE NON PERTENCEN AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

O criterio de referencia para facer a valoración é que o proxecto se sitúe nun concello que non pertenza aos GALP. Tómase como referencia ao GALP Costa da Morte e o GALP Seo de Fisterra e Ría de Muros Noia Costa Sostible.

CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (10)
Coristanco, Zas e Mazaricos	10

2. Características da persoa ou entidade promotora do proxecto.

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. Teranse en conta as características das entidades promotoras, diferenciando entre as públicas e as privadas. En ámbolos dous casos darase prioridade aos proxectos que se promovan de forma conxunta, co obxectivo de reforzar a cohesión, a vertebración e o impacto social das medidas que se vaian a poñer en marcha.

2.1. PROXECTOS PRESENTADOS POR ENTIDADES PRIVADAS E PÚBLICAS

O criterio de referencia para facer a valoración é a tipoloxía de entidades que promoven os proxectos e por que están compostas. No caso das entidades públicas priorizaranse os proxectos de entidades supramunicipais, ou ben que sexan promovidos por varios concellos, para favorecer a prestación de servizos públicos e a vertebración do territorio.



No caso de entidades privadas terase en conta a tipoloxía de entidades, en función da súa composición societaria ou obxecto social, priorizando tamén a presentación conxunta de proxectos.	
CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (20)
Proxecto de entidades públicas	10
Proxectos de entidades asociativas do ámbito da igualdade, discapacidade ou integración/exclusión social	10
Proxectos de entidades que teñan entre as súas persoas socias alomenos o 15% de mulleres, mozos/mozas, maiores de 55 anos (cumprir 1 criterio)	10
Proxectos de entidades que teñan entre as súas persoas socias alomenos o 2% de persoas con discapacidade.	10
Proxecto de ámbito supramunicipal (2 ou máis concellos)	10
Proxecto promovido por 2 ou máis entidades	10

2.2. PROXECTOS PRESENTADOS POR UNHA CMVMC OU MMVMC

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. O criterio de referencia para facer a valoración é que a entidade promotora sexa unha comunidade de montes veciñais en man común ou unha mancomunidad formada por estas. Terase en conta que as persoas **asociadas** requiran unha serie de consideracións como ser persoas desfavorecidas.

ENTIDADE PROMOTORA	PUNTUACIÓN MÁXIMA (20)
Proxecto promovido por unha comunidade de montes veciñais en man común	8
Proxecto promovido por unha mancomunidad de montes veciñais en man común	10
Comunidade ou mancomunidad constituída por colectivos desfavorecidos (máis do 15% das persoas socias).	5
Comunidade ou mancomunidad na que figuren como persoas socias, como mínimo o 2% de persoas con discapacidade.	5
Proxecto promovido por 2 ou máis entidades	10

3. Impacto sobre o territorio.

Este criterio proporcionará como máximo 45 puntos. Teranse en conta factores como a poboación beneficiada, a incidencia sobre a mellora da calidade de vida, a potencialidade para crear emprego ou empresas, a incidencia ambiental, o emprego de enerxías renovables ou a contribución á redución de emisións contaminantes, ou a incidencia do proxecto na atención a diferentes colectivos de persoas. Tamén o carácter innovador do proxecto, en relación a outras iniciativas promovidas no territorio.

3.1. INCIDENCIA SOBRE A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Este criterio proporcionará como máximo 8 puntos. O criterio de referencia para facer a valoración é que os proxectos supoñan unha atención preferente a determinados colectivos, ou ben que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (8)
----------	-----------------------



Aumento dos servizos ofrecidos a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (xitanos, persoas en risco de exclusión social, drogodependentes, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Rsga, parados de longa duración, persoas > 55 anos), respecto aos existentes.	4
Actuación que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral (centros de día, garderías...)	4

3.2. INCIDENCIA SOBRE A CREACIÓN DE EMPREGO, A XERACIÓN DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS, A PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS OU PROXECTOS QUE AXUDEN Á VALORIZACIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS E A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO TERRITORIO

Este criterio proporcionará como máximo 9 puntos. O criterio de referencia para facer a valoración será o número de empregos creados co proxecto, a existencia de iniciativas que reforcen a cooperación entre concellos, ou proxectos que axuden a poñer en valor os produtos agroalimentarios e a promoción turística do territorio.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (9)
Número de postos de traballo creados a raíz do proxecto (2 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente).	4
Proxectos que reforcen a cooperación municipal para mellorar a prestación de servizos públicos ao cidadán, ou ben que supoñan unha redución de custos de funcionamento (acordos para compartir infraestruturas, realizar actividades complementarias e aumentar servizos ofrecidos, etc.)	5
Proxectos de valorización de produtos agroalimentarios ou de promoción e difusión turística do territorio Costa da Morte no seu conxunto	5

3.3. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL DO PROXECTO

Este criterio proporcionará como máximo 10 puntos. O criterio de referencia para facer a valoración é o impacto que pode xerar o proxecto en contribuír á redución de emisións e á pegada de carbono, reducindo o impacto ambiental no territorio.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA(10)
Supón a adopción de medidas na xestión da auga e recursos hídricos (autorizacións de verteduras, reutilización de augas, etc.)	3
Dispón ou comprométese á obtención de certificacións de xestión medioambiental	3
Adopción de Manuais de boas prácticas medioambientais	2
Adopción dalgunha medida que reduza o impacto medioambiental (Plan de medidas correctoras, valoración de riscos ambientais, redución de emisións de carbono,...)	2
Proxectos de economía circular ou de redución, reutilización ou reciclaxe de residuos producidos no territorio	3
Localización de actividades molestas en solo industrial	3
Proxectos que supoñan unha mellora da paisaxe ou que reduzan o impacto visual negativo na mesma	2
Proxectos que reforcen ou melloren a conservación ou mantemento do patrimonio natural, incluíndo tamén ao conxunto do patrimonio cultural	3



3.3. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL DO PROXECTO

Investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente	5
Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular	5

3.4. UTILIZACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

O criterio incide no impacto ambiental sobre o territorio, se ben falamos de acción concretas relacionadas coa utilización de enerxías renovables ou procesos de mellora da eficiencia enerxética. Cómpre ter en conta as limitacións que se establecen en canto ao financiamento e utilización deste tipo de enerxías. O investimento que terá o proxecto nesta materia deberá supoñer como mínimo o 5% do total do investimento admisible do proxecto, para poder obter puntuación.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (5)
Utilización de enerxías renovables que non supoñan a venda á rede	5
Melloras ou utilización de equipamentos, bens de equipo ou instalacións que melloren a eficiencia enerxética	5

3.5. INCIDENCIA DO PROXECTO SOBRE DETERMINADOS COLECTIVOS

O criterio incide na promoción da igualdade ou a pertenza aos colectivos desfavorecidos, ben porque poden ser beneficiarios do programa, ou destinatarios das accións que promovan os mesmos.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (6)
Figurar entre os beneficiarios/destinatarios do proxecto calquera dos colectivos desfavorecidos (3 puntos por cada factor)	6
Proxectos que favorezan a promoción da igualdade entre homes e mulleres	3

3.6. CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO

O criterio a ter en conta é a existencia de actividades similares no núcleo, no concello, a creación de produtos, servizos, equipamentos innovadores ou a introdución de TIC

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA (7)
Inexistencia desa actividade no concello. Xuntarse informe do concello ou entidade competente.	2
Inexistencia desa actividade no núcleo. Xuntarse informe do concello ou entidade competente.	1
Novo produto ou servizo ou novas aplicacións dos produtos no territorio	2
Incorporación de TIC's	3



A continuación presentamos a matriz de relación entre os criterios de baremación dos proxectos non produtivos e os obxectivos da estratexia, centrándonos nas liñas de actuación do plan de acción.

Táboa 9. Matriz de relación entre os criterios de baremación dos proxectos non produtivos e os obxectivos da estratexia.

Matriz de relación criterios/Liñas de actuación. Proxectos non produtivos	
Criterio 1. Características e condicións do lugar onde se realiza o investimento.	
Liñas de actuación	Todas as liñas
Xustificación	Independentemente do tipo de investimento, este criterio pretende reforzar o equilibrio territorial e reforzar a cohesión social do territorio, ao tempo que ten en conta a complementariedade con outros, como por exemplo, o FEMPA.
Criterio 2. Características da persoa ou entidade promotora.	
Liñas de actuación	Todas as liñas
Xustificación	Diferéncianse os proxectos presentados por entidades públicas e privadas, dando conta da importancia que teñen institucións locais, como o tecido social do territorio no desenvolvemento dos proxectos. Séguense potenciando ás comunidades de montes, con elementos dinamizadores de proxectos económicos de base local, pero tamén sendo conscientes da función social e ambiental destas figuras. Preténdese reforzar a cohesión social do territorio, primando os proxectos ou actividades de colectivos que están en condicións de desigualdade por diferentes factores e condicións. Quérese promover unha sociedade máis inclusiva, reforzando a transversalidade dos principios horizontais dos fondos EIE. Tamén se potencia un modelo forestal sostible, promovendo un posicionamento estratéxico para as comunidades de montes veciñais e as súas federacións.
Criterio 3. Impacto sobre o territorio	
Liñas de actuación	Todas as liñas
Xustificación	Neste criterios cobra moita importancia a dotación de servizos á cidadanía, dende unha perspectiva que atenda ás desigualdades e potencie unha visión máis integradora do territorio. Valórase tamén a potencialidade da xeración de emprego, derivada de investimentos deste tipo, ao tempo que se reforza unha concepción máis colaborativa e cooperativa entre entidades e institucións a nivel local. Dun xeito importante tamén se potencia a importancia de iniciativas que integran o desenvolvemento turístico coa valorización de produtos do territorio e a potenciación dos recursos e o patrimonio local. O medioambiente é un factor clave valorando de maneira importante a circularidade económica e o compromiso ambiental das entidades. Trátase de mitigar o impacto do cambio climático e promover unha sociedade máis concienciada ambientalmente.



Matriz de relación criterios/Liñas de actuación. Proxectos non produtivos

Tamén trátase de frear o abandono e facer unha sociedade máis dinámica, dende o punto de vista agrario e forestal, ou tamén social, poñendo de relevo as potencialidades que supón a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e os seus instrumentos.

En liña coa transformación ecolóxica valórase o impacto enerxético das actividades potenciando o aforro, a eficiencia enerxética e o emprego de enerxías limpas.

Tamén se valora o impacto social que teñen os proxectos de cara a construír unha sociedade máis inclusiva e integradora das problemáticas sociais que afecta a moitos colectivos.

Por último, prímase a innovación, entendendo por tal as novas actividades, pero tamén a introdución de novos procesos, ou a orientación cara a transición dixital.

3.1.7 Regras básicas: determinación de puntuación e porcentaxe de financiamento de proxectos

Unha vez que un proxecto foi valorado en función dos criterios establecidos no anterior apartado, cómpre asignarlle unha puntuación, que será o resultado da suma de todos os criterios aplicables, dependendo de si é produtivo ou non produtivo.

A porcentaxe de axuda que lle vai a corresponder a unha persoa ou entidade promotora ten fixados uns límites mínimos e máximos de axuda, en función do estipulado no marco regulamentaria do FEADER e o regulamento de disposicións comúns dos Fondos EIE. No seguinte cadro fíxanse as súas puntuacións e limitacións.

Táboa 10. Límites e porcentaxes de axuda por tipoloxía de proxecto. Importes bono activa rural.

TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	NOTA DE CORTE	% DE AXUDA	NOTA MÁXIMA	% DE AXUDA
Proxectos produtivos	15	20%	65	40%
Proxectos non produtivos prioridade alta	15	70%	65	90%
Proxectos non produtivos prioridade media	15	50%	65	70%
Proxectos non produtivos prioridade baixa	15	30%	65	50%
PROXECTOS BONO ACTIVA RURAL	NOTA DE CORTE	IMPORTE	NOTA MÁXIMA	IMPORTE
Bono Activa Rural	15	2.500€	65	12.500€

O cálculo da porcentaxe de asignación de axuda, calcúlase mediante unha relación proporcional directa, cos puntos asignados na valoración, axustando a porcentaxe a dous decimais.

A nota de corte (mínima) para todos os proxectos, independentemente da súa natureza, é de 15 puntos. No caso dos proxectos produtivos esta puntuación dará lugar a unha axuda do 20% do importe total do investimento subvencionable, e no Bono Activa Rural dará lugar a unha axuda mínima de 2.500€. No caso dos proxectos non produtivos diferenciamos en función do seu grao de prioridade, establecendo que os de prioridade baixa terán como mínimo o 30% de axuda, o de prioridade media o 50% e os de prioridade alta o 70%.



A puntuación máxima que se exige para optar á porcentaxe máis elevada de financiamento é de 65 puntos. Os proxectos produtivos que acaden esta puntuación terán dereito ao 40% de axuda e no Bono Activa Rural dará lugar a unha axuda máxima de 12.500€. No caso dos non produtivos, e tendo como referencia a súa clasificación, os de prioridade baixa poderán chegar ao 50% de financiamento, os de prioridade media ao 70% e os de prioridade alta ao 90%.

Matrices de valoración

Táboa 11. Porcentaxes de axuda correspondentes a proxectos produtivos

Proxectos produtivos					
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	20,00%	32	26,80%	49	33,60%
16	20,40%	33	27,20%	50	34,00%
17	20,80%	34	27,60%	51	34,40%
18	21,20%	35	28,00%	52	34,80%
19	21,60%	36	28,40%	53	35,20%
20	22,00%	37	28,80%	54	35,60%
21	22,40%	38	29,20%	55	36,00%
22	22,80%	39	29,60%	56	36,40%
23	23,20%	40	30,00%	57	36,80%
24	23,60%	41	30,40%	58	37,20%
25	24,00%	42	30,80%	59	37,60%
26	24,40%	43	31,20%	60	38,00%
27	24,80%	44	31,60%	61	38,40%
28	25,20%	45	32,00%	62	38,80%
29	25,60%	46	32,40%	63	39,20%
30	26,00%	47	32,80%	64	39,60%
31	26,40%	48	33,20%	65	40,00%

Táboa 12.1. Porcentaxes de axuda correspondentes a proxectos non produtivos. Prioridade baixa

Proxectos non produtivos prioridade baixa					
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	30,00%	32	36,80%	49	43,60%
16	30,40%	33	37,20%	50	44,00%
17	30,80%	34	37,60%	51	44,40%
18	31,20%	35	38,00%	52	44,80%
19	31,60%	36	38,40%	53	45,20%
20	32,00%	37	38,80%	54	45,60%
21	32,40%	38	39,20%	55	46,00%
22	32,80%	39	39,60%	56	46,40%
23	33,20%	40	40,00%	57	46,80%
24	33,60%	41	40,40%	58	47,20%
25	34,00%	42	40,80%	59	47,60%
26	34,40%	43	41,20%	60	48,00%
27	34,80%	44	41,60%	61	48,40%
28	35,20%	45	42,00%	62	48,80%
29	35,60%	46	42,40%	63	49,20%
30	36,00%	47	42,80%	64	49,60%
31	36,40%	48	43,20%	65	50,00%

Táboa 12.2. Porcentaxes de axuda correspondentes a proxectos non produtivos. Prioridade media.

Proxectos non produtivos prioridade media					
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	50,00%	32	56,80%	49	63,60%
16	50,40%	33	57,20%	50	64,00%
17	50,80%	34	57,60%	51	64,40%
18	51,20%	35	58,00%	52	64,80%
19	51,60%	36	58,40%	53	65,20%
20	52,00%	37	58,80%	54	65,60%
21	52,40%	38	59,20%	55	66,00%
22	52,80%	39	59,60%	56	66,40%
23	53,20%	40	60,00%	57	66,80%
24	53,60%	41	60,40%	58	67,20%
25	54,00%	42	60,80%	59	67,60%



Proxectos non produtivos prioridade media					
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
26	54,40%	43	61,20%	60	68,00%
27	54,80%	44	61,60%	61	68,40%
28	55,20%	45	62,00%	62	68,80%
29	55,60%	46	62,40%	63	69,20%
30	56,00%	47	62,80%	64	69,60%
31	56,40%	48	63,20%	65	70,00%

Táboa 12.3. Porcentaxes de axuda correspondentes a proxectos non produtivos. Prioridade alta

Proxectos non produtivos prioridade alta					
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	70,00%	32	76,80%	49	83,60%
16	70,40%	33	77,20%	50	84,00%
17	70,80%	34	77,60%	51	84,40%
18	71,20%	35	78,00%	52	84,80%
19	71,60%	36	78,40%	53	85,20%
20	72,00%	37	78,80%	54	85,60%
21	72,40%	38	79,20%	55	86,00%
22	72,80%	39	79,60%	56	86,40%
23	73,20%	40	80,00%	57	86,80%
24	73,60%	41	80,40%	58	87,20%
25	74,00%	42	80,80%	59	87,60%
26	74,40%	43	81,20%	60	88,00%
27	74,80%	44	81,60%	61	88,40%
28	75,20%	45	82,00%	62	88,80%
29	75,60%	46	82,40%	63	89,20%
30	76,00%	47	82,80%	64	89,60%
31	76,40%	48	83,20%	65	90,00%

Táboa 13. Importes de axuda correspondentes Bono Activa Rural

Proxectos acollidos ao Bono Activa Rural					
Puntuación	Importe axuda	Puntuación	Importe axuda	Puntuación	Importe axuda
15	2.500€	32	5.900€	49	9.300€
16	2.700€	33	6.100€	50	9.500€
17	2.900€	34	6.300€	51	9.700€
18	3.100€	35	6.500€	52	9.900€
19	3.300€	36	6.700€	53	10.100€
20	3.500€	37	6.900€	54	10.300€
21	3.700€	38	7.100€	55	10.500€
22	3.900€	39	7.300€	56	10.700€
23	4.100€	40	7.500€	57	10.900€
24	4.300€	41	7.700€	58	11.100€
25	4.500€	42	7.900€	59	11.300€
26	4.700€	43	8.100€	60	11.500€
27	4.900€	44	8.300€	61	11.700€
28	5.100€	45	8.500€	62	11.900€
29	5.300€	46	8.700€	63	12.100€
30	5.500€	47	8.900€	64	12.300€
31	5.700€	48	9.100€	65	12.500€

3.1.8 Cadro resumo de proxectos produtivos

ID	CRITERIOS DE VALORACIÓN PROXECTOS PRODUCTIVOS	Puntuación MÁXIMA
1	CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DO LUGAR ONDE SE REALIZA O INVESTIMENTO	35
1.1	Características económicas do concello onde se localiza o proxecto	6
1.2	Características demográficas do concello onde se localiza o proxecto	7
1.3	Núcleo/entidade de poboación onde se localiza o proxecto	6
1.4	Outros criterios xeográficos (densidade núcleos, porcentaxe de paro, Rede Natura, Aldea modelo, GALP)	16
2	CARACTERÍSTICAS DA PERSOA OU ENTIDADE PROMOTORA	10
2.1	Proxectos presentados por unha persoa física	10
2.2	Proxectos presentados por unha persoa xurídica	10
2.3	Proxectos presentados por unha CMVMC ou MMVMC	10
3	IMPACTO SOBRE A CREACIÓN E/OU MANTEMENTO DE EMPREGO	20
3.1	Incidencias sobre o número e características do emprego xerado	15
3.2	Incidencia sobre o emprego xerado/consolidado en función do investimento realizado	5
4	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	35
4.1	Capacidade de arrastre do proxecto	6
4.2	Incidencia do proxecto sobre sectores estratéxicos do territorio	7
4.3	Incidencia ambiental do proxecto	10
4.4	Utilización de enerxías renovables e mellora da eficiencia enerxética	5
4.5	Carácter innovador do proxecto	7
	PUNTUACIÓN TOTAL	100



3.1.9 Cadro resumo de proxectos non produtivos

ID	CRITERIOS DE VALORACIÓN PROXECTOS non PRODUTIVOS	Puntuación MÁXIMA
1	CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN DO LUGAR ONDE SE REALIZA O INVESTIMENTO	35
1.1	Características económicas do concello onde se localiza o proxecto	6
1.2	Características demográficas do concello onde se localiza o proxecto	7
1.3	Núcleo/entidade de poboación onde se localiza o proxecto	6
1.4	Outros criterios xeográficos (densidade núcleos, porcentaxe de paro, Rede Natura, Aldea Modelo, GALP)	16
2	CARACTERÍSTICAS DA PERSOA OU ENTIDADE PROMOTORA	20
2.1	Proxectos presentados por entidades privadas e públicas	20
2.2	Proxectos presentados por unha CMVMC ou MMVMC	20
3	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	45
3.1	Incidencia sobre a mellora da calidade de vida	8
3.2	Incidencia sobre a creación de emprego e a xeración de novas iniciativas empresariais ou de prestación de servizos públicos	9
3.3	Incidencia ambiental do proxecto	10
3.4	Utilización de enerxías renovables e mellora da eficiencia enerxética	5
3.5	Incidencia do proxecto sobre determinados colectivos	6
3.6	Carácter innovador do proxecto	7
	PUNTUACIÓN TOTAL	100